

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 25 DE FEBREIRO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

- D. Elisardo Montero Castro
- D. Luis Rico Vereá
- D. José Luis Rivas Cruz
- D^a. Raquel Val Vázquez
- D^a. Ana Ledo Fernández
- D^a. Sandra Sánchez Íñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Carmen Gómez Otero

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día vinte e cinco de febreiro de dous mil dezaseis, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde D. Gonzalo Concheiro Coello.

Non asisten pero xustifican a súa ausencia, os concelleiros Dna. María Jesús Novo Gómez e D. Rogelio Sueiro Carro.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Carmen Gómez Otero.

Antes de comezar a sesión, a Secretaria explica que os concelleiros/as Dna. María Jesús Novo Gómez e D. Rogelio Sueiro Carro, non poden asistir á sesión, debido a problemas graves de saúde, en concreto dúas intervencións hospitalarias.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Cofeñidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do día 30/12/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

O Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra á concelleira do PSDG-PSOE, Dona Ana Ledo Fernández, que matiza que as observacións á acta da sesión anterior as fará ao final, na quenda de rogos e preguntas.

Sen máis intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 30/12/2015.

2.- PROPOSTA ALCALDÍA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO CAMIÑO DO EMPREGO AO ABEIRO DA ORDE DO 29/12/2015 (DOG N^o

248 DE DATA 30/12/2015) E APROBACIÓN ACORDO DE COLABORACION ENTRE OS CONCELLOS DE ARZÚA, BOIMORTO E SANTISO.

A Secretaria dá lectura á proposta co teor literal seguinte:

" (...) PROPOSTA ALCALDÍA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN “OBRADOIRO DE EMPREGO CAMIÑO DO EMPREGO” AO ABEIRO DA ORDE DO 29/12/2015 (DOG Nº 248 DE DATA 30/12/2015) E APROBACIÓN ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARZÚA, BOIMORTO E SANTISO.

Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

Visto o acordo de compromiso de colaboración no proxecto entre os concellos de Arzúa, Boimorto e Santiso que figura como anexo I asinado en data 22 de febreiro de 2016

Propoño que o Pleno da Corporación ACORDE:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de obradoiro de emprego denominado “Obradoiro de Emprego CAMIÑO DO EMPREGO”, por importe de 276.201,30 € e coas especialidades de:

ESPECIALIDADE	CÓDIGO	Nº DE ALUMNOS	DURACIÓN
Promoción turística local e información ao visitante	HOTI0108	15	6 meses
Socorrismo en instalacións acuáticas	AFDP0109	15	6 meses

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención total de 268.701,30 €, para o financiamento do referido obradoiro de emprego.

TERCEIRO.- Aprobar a encomenda de xestión do proxecto ao Concello de Arzúa. O Concello de Arzúa actúa como promotor e titular da subvención para a realización do proxecto “Obradorio de Emprego CAMIÑO DO EMPREGO”, sendo os Concellos de Santiso e Boimorto colaboradores do proxecto segundo o convenio asinado entre os representantes dos Concellos de Arzúa, Santiso e Boimorto.

CUARTO.- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio denominado “Acordo de compromiso de colaboración no proxecto de obradoiro de emprego “Camión do Emprego” cos Concellos de Arzúa, Boimorto e Santiso, no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes facultando aos alcaldes de Arzúa, Boimorto e Santiso, con efectos retroactivos, para asinar e aprobar o contido de dito acordo que figura como anexo I.

QUINTO.- Acordar a publicación do instrumento de formación da encomenda de xestión, convenio, no Boletín Oficial da Provincia aos efectos oportunos.

SEXTO.- Acordar que o financiamento total de entre tódolos concellos agrupados será de 7.500 € (cada concello agrupado aportará proporcionalmente ao financiamento en función do alumno seleccionado e contratado da súa propia entidade) para facer fronte os costes de funcionamento, xestión e desprazamentos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a realización da formación práctica de cada especialidade.

SÉTIMO.- Facultar ao Sr. Alcalde, Don Gonzalo Concheiro Coello, para actuar en nome e representación do Concello de Boimorto.

ANEXO I

ACORDO DE COMPROMISO DE COLABORACIÓN NO PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO "CAMIÑO DO EMPREGO".

CONCERTADO POR:

Dunha parte, o Concello de Arzúa con CIF P1500600J, e no seu nome e representación, D. Jose Luis García López con DNI 33268864P, en calidade de alcalde - presidente.

Doutra parte, o Concello de Boimorto, con CIF P1501000B, e no seu nome e representación, D. Gonzalo Concheiro Coello con DNI 76357860 E, en calidade de alcalde - presidente.

Doutra parte, o Concello de Santiso, con CIF P1508000E, e no seu nome e representación, D. Manuel Adán López con DNI 33291718T, en calidade de alcalde - presidente.

Todas as partes recoñécense mutuamente plena capacidade para realizar o presente acordo de colaboración para os fins que manifestan:

1. Asociarse para facer a solicitude de subvención e aprobar o proxecto para o Obradoiro de Emprego "CAMIÑO DO EMPREGO", en base a orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación das persoas mozas inscritas no Sistema de Garantía Xuvenil da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2016
2. Acordar que o concello promotor do proxecto é o Concello de Arzúa e que toda a formación teórica de cada especialidade se farán nas instalacións que para estes fins posúe o Concello de Arzúa.
3. Acordar que a formación práctica segundo as especialidades se farán, nas instalacións ou edificios pertencentes ao Concello de Arzúa, nas instalacións ou edificios pertencentes ao Concello de Arzúa, e na piscina de Arzúa, como se reflexa no proxecto-memoria, para as seguintes especialidades:
 1. Promoción turística local e información ao visitante (HOTI0108)
 2. Socorrismo en instalación acuáticas (AFDP0109)
4. Acordar que o financiamento total de entre tódolos concellos da agrupación será de 7.500,00 €. Que cada concello aportará proporcionalmente ao financiamento en función do alumnado seleccionado, contratado da súa propia entidade.
5. Facer unha selección equitativa de alumnado entre os concellos colaboradores.
6. Comprometerse a facilitar a información necesaria para realizar este proxecto, así como, participar e axilizar as xestións oportunas para o seu desenvolvemento.

Boimorto, 22 de febreiro de 2016

O alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello.

(...)"

O Sr. Concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz pregunta cantos nos corresponden, e a canto ascende o orzamento. O Sr. Alcalde- Presidente responde que nos corresponden cinco de cada modalidade e que o orzamento total ascende á contía de 276.201,30 €.

Sen máis intervencións, por unanimidade, o Pleno da Corporación acordou a aprobación do contido da proposta da alcaldía en tódolos seus termos.

3.- PROPOSTA ALCALDÍA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO O FOGAR DA MONTAÑA AO ABEIRO DA ORDE DO 29/12/2015 (DOG Nº 248 DE DATA 30/12/2015) E APROBACION ACORDO DE COLABORACION ENTRE OS CONCELLOS DE SOBRADO, CURTIS, VILASANTAR, BOIMORTO, TOQUES E MESÍA

A Secretaria dá lectura á proposta co teor literal seguinte:

" (...) PROPOSTA ALCALDÍA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN “OBRADOIRO DE EMPREGO O FOGAR DA MONTAÑA” AO ABEIRO DA ORDE DO 29/12/2015 (DOG Nº 248 DE DATA 30/12/2015) E APROBACIÓN ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SOBRADO, CURTIS, VILASANTAR, BOIMORTO, TOQUES E MESÍA.

Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

Visto o acordo de compromiso de colaboración no proxecto entre os concellos de Sobrado, Curtis, Vilasantar, Boimorto, Toques e Mesía que figura como anexo I asinado en data 28 de xaneiro de 2016

Propoño que o Pleno da Corporación ACORDE:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de obradoiro de emprego denominado “Obradoiro de Emprego O FOGAR DA MONTAÑA”, por importe de 288.701,30 Euros e coas especialidades de:

ESPECIALIDADE	CÓDIGO	Nº DE ALUMNOS	DURACIÓN
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	SSCS0108	15	6 meses
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	SSCS0208	15	6 meses

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención total de 268.701,30 €, para o financiamento do referido obradoiro de emprego.

TERCEIRO.- Aprobar a encomenda de xestión do proxecto ao Concello de Sobrado. O Concello de Sobrado actúa como promotor e titular da subvención para a realización do proxecto “Obradorio de Emprego O FOGAR DA MONTAÑA”, sendo os Concellos de Curtis, Vilasantar, Boimorto, Toques e Mesía colaboradores do proxecto segundo o convenio asinado entre os representantes dos Concellos de Sobrado, Curtis, Vilasantar, Boimorto, Toques e Mesía.

CUARTO.- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio denominado “Acordo de compromiso de colaboración no proxecto de obradoiro de emprego “O Fogar da Montaña” cos Concellos de Sobrado, Curtis, Vilasantar, Boimorto, Toques e Mesía, no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes facultando aos alcaldes de Sobrado, Curtis, Vilasantar, Boimorto, Toques e Mesía, con efectos retroactivos, para asinar e aprobar o contido de dito acordo que figura como anexo I.

QUINTO.- Acordar a publicación do instrumento de formación da encomenda de xestión, convenio, no Boletín Oficial da Provincia aos efectos oportunos.

SEXTO.- Acordar que o financiamento total de entre tódolos concellos agrupados será de 20.000,00 € (cada concello agrupado aportará proporcionalmente ao financiamento en función do alumno seleccionado, contratado e empadroadado da súa propia entidade, e no caso do alumnado que non esté empadroadado en ningún dos concellos agrupados e forme parte de dito obradoiro, repartirase proporcionalmente e aportación ao financiamento entre tódolos concellos que conforman dito obradoiro) para facer fronte os costes de funcionamento, xestión e desprazamentos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a realización da formación práctica de cada especialidade.

SÉTIMO.- Facultar ao Sr. Alcalde, Don Gonzalo Concheiro Coello, para actuar en nome e representación do Concello de Boimorto.

ANEXO I

ACORDO DE COMPROMISO DE COLABORACIÓN NO PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “O FOGAR DA MONTAÑA”.

CONCERTADO POR:

Dunha parte, o Concello de Sobrado con CIF P1508100 C, e no seu nome e representación, D. Luís Lisardo Santos Ares con DNI 78799735X, en calidade de alcalde - presidente.

Doutra parte, o Concello de Curtis, con CIF P1503200F, e no seu nome e representación, D. Javier Francisco Cañzos Vázquez con DNI 34888207 J, en calidade de alcalde - presidente.

Doutra parte, o Concello de Vilasantar, con CIF P1509100B, e no seu nome e representación, D. Fernando Pérez Fernández con DNI 32806179Z, en calidade de alcalde - presidente.

Doutra parte, o Concello de Boimorto, con CIF P1501000B, e no seu nome e representación, D. Gonzalo Concheiro Coello con DNI 76357860 E, en calidade de alcalde - presidente.

Doutra parte, o Concello de Toques, con CIF P1508400G, e no seu nome e representación, D. José Ángel Penas García con DNI 44816521D, en calidade de alcalde - presidente.

Doutra parte, o Concello de Mesía, con CIF P1504800B, e no seu nome e representación, D. Mariano Iglesias Castro con DNI 32767819H, en calidade de alcalde - presidente.

Todas as partes recoñécense mutuamente plena capacidade para realizar o presente acordo de colaboración para os fins que manifestan:

1. Asociarse para facer a solicitude de subvención e aprobar o proxecto para o Obradoiro de Emprego “O Fogar da Montaña”, en base a orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.
2. Acordar que o concello promotor do proxecto é o Concello de Sobrado e que toda a formación teórica de cada especialidade se farán nas instalacións que para estes fins posúe o Concello de Sobrado.
3. Acordar que a formación práctica segundo as especialidades se farán, nas instalacións ou edificios pertencentes ao Concello de Boimorto, nas instalacións ou edificios pertencentes ao Concello de Sobrado, e nos domicilios dos usuarios do servizo de axuda no fogar dos seis

concellos agrupados integrantes do obradoiro, como se reflexa no proxecto-memoria, para as seguintes especialidades:

1. Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108).
2. Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208).
4. Acordar que o financiamento total de entre tódolos concellos agrupados será de 20.000,00 €. Cada concello agrupado aportará proporcionalmente ao financiamento en función do alumnado seleccionado, contratado e empadroadado da súa propia entidade, e no caso do alumnado que non esté empadroadado en ningún dos concellos agrupados e forme parte de dito obradoiro, repartirase proporcionalmente a aportación ao financiamento entre tódolos concellos que conforman dito obradoiro, para facer fronte aos costes de funcionamento, xestión e desprazamentos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a realización da formación práctica de cada especialidade.
5. Facer unha selección equitativa de alumnado entre os concellos colaboradores.
6. Comprometerse a facilitar a información necesaria para realizar este proxecto, así como, participar e axilizar as xestións oportunas para o seu desenvolvemento.

Boimorto, 22 de febreiro de 2016

O alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello.

(...)"

Sen máis intervencións, por unanimidade, o Pleno da Corporación acordou a aprobación do contido da proposta da alcaldía en tódolos seus termos.

4.- DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 29/12/2015 a 22/02/2016, número 629 a 55.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún membro desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. Non se presenta ningún asunto.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde- Presidente dá comezo á quenda de rogos e preguntas concedendo a palabra á concelleira do PSDG-PSOE, Dona Ana Ledo Fernández que intervéen para facer a seguinte aclaración á acta da sesión anterior: *"(...)Teño que facer unha aclaración ao comentario do Pleno anterior de que non aparecen os ingresos do churrasco e da castañada para salvaguardar a participación dos traballadores. Para ter uns gastos hai que ter ingresos. Puxen o exemplo do churrasco e do bar da castañada. Estes ingresos non figuraban na contabilidade porque eles mesmos fixeron a castañada e pagaron os gastos. Non aparecen e non quixera deixar no aire cuestións que dean lugar a malos entendidos.(...)"*

O Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao Sr. Concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz que intervéen para afirmar que no borrador da acta da Xunta de

Goberno Local, no punto 3.2.2. cométese prevaricación, e hai que mandalo á xustiza, porque a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a conexión da acometida de auga nunha vivenda que está a construír unha obra sen licenza.

Intervén o Sr. Alcalde- Presidente para explicar que se trata dunha vivenda moi antiga.

O Sr. Concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz insiste que “(...) *Isto debe pasar a onde ten que pasar, e o solicita á Intervención. Non vou a sometelo a aprobación pero que conste en acta. (...)*”. Continúa afirmando “(...) *Quero dicir que se está a facer unha revisión catastral e se nos está “machacando”. Solicito un Informe a urbanismo porque as fincas que non teñen servizos básicos habería que tratalas como non urbanas. Non quero que as terras volvan a encherse de caseiros e de amos (...)*”. Continúa co seguinte rogo “ (...) *Este Goberno creo que non vai meterse co PAI, é unha pena, porque son 173.875 euros que se poden empregar para reducir o endebedamento e realizar novos investimentos. Solicitade un informe de intervención. O que conseguides é afogar á residencia pola redución dos espazos comúns e o aumento de cinco prazas máis (...)*”.

O Sr. Alcalde- Presidente responde que con respecto ao PAI, non podemos solicitalo porque altera a regra do gasto. Estamos limitados.

Con respecto ás preguntas, o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao Sr. Concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz que formula as seguintes preguntas:

- “ (...) 1.- *Hai un escrito de Mariño presentado, solicito que fagades as xestións.*
- 2.- *O sinal de STOP de Ponte Boado está descolorido.*
- 3.- *En Boimorto hai uns depósitos para almacenar aceite que van ao río. Hai que concienciar á xente para non contaminar.*
- 4.- *Se se mandaron os acordos das mocións presentadas.*
- 5.- *Hai que facer a Ordenanza dos lodos.*
- 6.- *Comunicarvos que están outra vez co tema do leite. Aquí non hai Goberno. (...)*”.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra á concelleira do BNG Dona Raquel Val Vázquez, que formula as seguintes preguntas:

- “ (...) 1.- *¿ A empresa que organiza o Festival da Luz presentou as contas?*
- 2.- *O GRD ten os cartos frescos, ¿ Hai algo previsto para meter?*
- 3.- *¿ A praza de directora se vai a convocar? (...)*”

O Sr. Alcalde- Presidente responde que se están valorando as bases porque se quere pedir un diplomado de carácter social.

Intervén o Sr. Concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz para preguntar “ (...) *¿ Sodes conscientes de que a residencia esixe un perfil múltiple? (...)*”.

O Sr. Alcalde- Presidente responde que se está valorando da rama social: socio-sanitaria e das ciencias da saúde.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra á concelleira do BNG Dona Raquel Val, que pregunta: “ (...) *¿ Vaise prorrogar a praza da condutora?(...)*”. O Sr Alcalde-

Presidente contesta que si. Continúa rogando a concelleira do BNG “(...)Subindo a Viladóniga hai xente que vai a tirar lixo, e habería que retiralo.(...)”

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao concelleiro do PSDG-PSOE, D. Abelardo Seoane Vázquez, que formula a seguinte pregunta:

“(...) ¿ O Concello emprendeu a revisión catastral, agora tributarase polos hórreos, entón, que tipo de tributo debe esixirse? Vai a haber xente que se vai atopar cun imposto polos pendellos para a leña (...).”

A continuación, o Sr. Alcalde concede a palabra á concelleira do PSDG-PSOE, D^a. Sandra Sánchez Íñiguez que formula os seguintes rogos:

“(...) O acceso de peregrinos de Corredoiras a Boimorto está fatal. A carretera de Boimil segue sen limparse. Hai que mirar o acceso á piscina.(...)”

O Sr. Alcalde- Presidente remata a quenda sinalando que polo acceso dos peregrinos presentouse un estudo á Conselleira, e que dende a Deputación hai que facer unha senda.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 20:58 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello